

que corresponda, consonte o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de maio de 1991, en relación co artigo 25.3º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

*Segunda.-Intervención do persoal do corpo facultativo de grao superior e medio especialista en arquivos.*

Entre o persoal previsto no artigo 2º.2 deste decreto comprenderase algún membro do corpo facultativo de grao superior e medio especialista en arquivos, que asistirá o secretario xudicial nos labores de dirección, ordenación e custodia do arquivo. Ademais, serán os responsables de formular as propostas técnicas de valoración e selección de series documentais previstas no artigo 11º.3 deste decreto.

*Terceira.-Plan inicial de expurgación.*

1. A consellería competente en materia de xustiza, en colaboración coa consellería competente en materia de protección do patrimonio documental, elaborará un Plan inicial de expurgación de cara á catalogación de series e inventario de fondos existentes nos arquivos dos órganos xudiciais, que someterá ao informe da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza e á audiencia do secretario de Goberno do dito tribunal.

2. Este plan incluírá o estudo da documentación arquivada de cara a formular as propostas de transferencias ao arquivo histórico, transferencia ao arquivo territorial ou pase ao proceso de expurgación. Ademais, incluírá a captura de datos nunha aplicación informática de xestión dos arquivos territoriais e da Xunta de Expurgación, así como a preparación e a etiquetaxe dos fondos.

3. Co fin de xerar espazo nos que serán futuros depósitos dos arquivos xudiciais territoriais, a execución do Plan inicial de expurgación comezará nos arquivos do Tribunal Superior de Xustiza e audiencias provinciais e, nunha segunda fase, estenderase aos arquivos dos xulgados.

#### *Disposicións derradeiras*

*Primeira.-Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de xustiza para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento.*

*Segunda.-Os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia iniciarán as súas actividades na data que se determine por unha orde da consellería competente en materia de xustiza.*

*Terceira.-Antes da data prevista na disposición anterior, deberán aprobarse a través de orde da consellería competente en materia de xustiza, os modelos uniformes e obrigatorios previstos nos artigos 13.1º e 15.3º do Real decreto 937/2003, de modernización de arquivos xudiciais.*

Cuarta.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e seis de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán de 2009.*

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 47, do 9 de marzo de 2009, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 4.918, débese substituír o anexo I polo que figura a continuación.

#### ANEXO I

Provincia	Instalación xuvenil	Data	Nº prazas ofertadas	Total de prazas
A Coruña	Albergue xuvenil Mariña Española-Bergondo	15-21/06	100	900
		1-15/09	100	
	Albergue xuvenil Gandarío-Bergondo	16-30/06	30	
		16-30/09	100	
	Campamento xuvenil Furelos-Melide	18-29/08	60	
	Campamento xuvenil Virxe de Loreto-Porto do Son	17-28/07	50	
		2-13/08	80	
		18-29/08	150	
	Campamento xuvenil Espiñeira-Boiro	17-28/07	30	
2-13/08		100		
18-29/08		100		
Lugo	Albergue xuvenil Area-Viveiro	15-29/06	120	395
	Campamento xuvenil A Devesa-Ribadeo	2-13/08	50	
		18-29/08	175	
Albergue xuvenil Benigno Quiroga-Portomarín	24-31/08	50		
Ourense	Campamento xuvenil Penedos de Xacinto-Entrimo	18-29/08	50	50
Pontevedra	Residencia xuvenil Altamar-Vigo	2-13/08	30	230
	Campamento xuvenil Illa de Ons-Bueu	18-29/08	60	
	Campamento xuvenil Pontemariil-Forcaei	18-29/08	140	
				1.575